

**BASES
XXVIII GALA
DO DEPORTE
FERROLÁN**

BASES XXVIII GALA DO DEPORTE FERROLÁN

I.- DISTINCIÓNS

1.- CARABELA DE PRATA

Distinción que recoñece o/a mellor deportista ferrolán do ano 2022 ou tempada 2021/2022 lograse un bo resultado, *récord*, mellor marca, internacionalidade, etc).

Entregarase galardón os/as deportistas finalistas a Carabela de Prata.

2.- DISTINCIÓN A MELLOR PROMESA MASCULINA E FEMININA.

Distinción para deportistas menores de idade (nados no ano 2004 e anteriores) que acadaron resultados destacados no ano 2022 ou tempada 2021/2022 dos que en base a citada traxectoria contan coa posibilidade de consolidar como grandes deportistas.

Distinguirase a mellor promesa masculina e a mellor promesa feminina.

3.- MENCIÓNS DO XURADO

Por méritos deportivos. Dirixida a equipos, deportistas, adestradores etc. que no ano 2022 ou tempada 2021 – 2022 destacasen polos seus logros deportivos.

Pola promoción, dedicación ou apoio o deporte. Dirixida persoas (ex-deportistas, adestradores, directivos/as, colaboradores/as, profesores/as, etc.), entidades publicas ou privadas relacionadas co deporte ferrolán en calquera dos seus ámbitos pola súa labor en prol do deporte ferrolá.

O **mellor club de base**, agrupación deportiva ou centro educativo que se distinga especialmente pola súa promoción do deporte base do ano 2022 ou tempada 2021/2022.

Mención especial do xurado: calquera mención que o xurado considere se deba ter en conta e non apareza especificada nos anteriores apartados.

4.- DISTINCIÓNS DOS MELLORES DEPORTISTAS POR MODALIDADES

Distinguiranse por cada modalidade deportiva recoñecida a deportistas masculinos e femininos meritorios do ano 2022 ou tempada 2021-2022.

5.- TROFEO JAVIER GÓMEZ NOYA.

Distinción outorgada a todos aqueles deportistas que resultaran galardoados coa Carabela de Prata durante catro anos consecutivos ou máis de catro nos seis derradeiros anos sempre que a súa traxectoria no ano 2022 o faga merecedor da distinción.

II.- NORMAS PARA A ELECCIÓN DOS/AS GALARDOADOS/AS

1.- Os/as deportistas candidatos/as para calquera das distincións deberán cumprir, polo menos, unha das seguintes condicións:

- Ter nacido en Ferrol.
- Formados deportivamente en Ferrol.
- Pertencer, como mínimo, durante as tres últimas tempadas ou anos (incluída a tempada ou ano obxecto de recoñecemento na presente edición da gala) a algún club, agrupación deportiva ou colexio do Concello. (Dende o ano 2020 ou tempada 2019 – 2020)

2.- Ningún deportista poderá ser galardoado para máis dunha distinción.

3.- Ningún deportista proposto poderá ser galardoado na mesma disciplina deportiva máis de catro anos consecutivos.

4.- Entenderase como modalidade deportiva aquelas recoñecidas polo CSD (<https://www.csd.gob.es/es/federaciones-y-asociaciones/federaciones-deportivas-espanolas/modalidades-especialidades-y-pruebas-de-federaciones>). En caso de ter especial relevancia no deporte

ferrolán, poderase establecer galardóns para diferentes especialidades dentro dunha mesma modalidade deportiva.

5.- Cada club e / ou federación nomeará dous candidatos como máximo para cada galardón.

6.- Para a elección dos galardoados o Xurado poderá solicitar a información que estime necesaria á federacións, clubs ou entidades deportivas.

7.- En casos excepcionais, debidamente motivados e sempre que a decisión se aprobe por unanimidade de tódolos membros, o Xurado poderá modificar algún punto de estas bases relativo os criterios establecidos para elixir os premiados.

8.- Quedará a potestade do Xurado deixar deserto algunha das distincións anteriormente citadas no suposto de non contar con propostas de candidatos ou ben por non considerarse éstas meritorias da distinción.

II.I.- Procedemento para a elección de das distincións de: MELLOR DEPORTISTA POR MODALIDADE DEPORTIVA, MELLOR PROMESA MASCULINA E FEMININA , MENCIÓNS ESPECIAL DO XURADO.

De entre todos/as os/as candidatos/as propostos/as o Xurado elixirá os/as galardoados /as para cada unha das distincións.

II.II.- Procedemento para a distinción *CARABELA DE PRATA Ó MELLOR DEPORTISTA FERROLÁN DO ANO 2022.*

De entre todos os candidatos propostos o Xurado escollerá tres (3).

Mediante votación secreta, cada membro do xurado outorgará 3, 2 ou 1 punto a cada un dos candidatos da terna proposta, dando lugar a un gañador e dous finalistas.

O resultado da votación darase a coñecer no acto institucional XXVIII GALA DO DEPORTE FERROLÁ.

III.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

Poderá formular propostas calquera persoa física ou xurídica ferrolá, asociacións, organismos ou entidades públicas e privadas, relacionadas coa actividade física e o deporte.

As anteditas propostas, se presentarán a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, **no modelo de anexo** que se xunta a estas bases (Anexo I). Deben acompañarse da documentación e información que acredite os méritos polos que concorren os candidatos.

O prazo de presentación de candidaturas será de **15 días naturais** dende o día seguinte a súa publicación no Taboleiro da páxina web do Concello.

A presentación de candidaturas implica a total aceptación do ditame do xurado.

IV.- XURADO.

O xurado estará composto:

1. Presidente/a: Concelleiro delegado de Deportes. Ostenta o voto de calidade.
2. Secretario/a: un funcionario/a do negociado de Deportes designado/a polo presidente do xurado. As súas funcións serán as de recibir, clasificar e ordenar a documentación que deba someterse a consideración do xurado. Actuará con voz e sen voto.
3. Vogais: Ata un total de seis. (6)

3.1.- Representantes das seccións de deportes de medios de comunicación tanto escritos, radiofónicos ou dixitais, designados/as pola presidencia do xurado.

3.2.- Técnicos/as de deporte de outras administracións ou persoas de especial relevancia e recoñecido prestixio no ámbito da actividade física e deportiva ferrolán designados/as pola Presidencia.

Procurarase a designación dun Xurado paritario. A actividade do xurado non será retribuída.

O ditame do xurado no que se propoñan os diferentes premios será publicado no Taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol.

5.- ENTREGA DE PREMIOS

Os premios aos mellores deportistas Ferroláns do ano 2022 serán entregados de forma solemne nun acto público que se realizará as 19:30 horas no Auditorio Municipal o próximo **28 de marzo de 2023** e no que se lles fará entrega da distinción que lles corresponda

A concesión dos galardóns ten unicamente carácter honorífico.

Anexo I

XXVIII GALA DO DEPORTE FERROLÁN			
Proposta para a distinción de:			
Modalidade deportiva:			
Persoa ou entidade proponente:			
DNI/CIF		Tif:	

DATOS DA/DO DEPORTISTA PROPOSTA/O			
Nome e apelidos:			
Data de nacemento:		Lugar:	
Enderezo:			
Localidade:		C. Postal:	
Teléfono:		Correo electrónico	
Club actual:			
Data de alta no club actual:			

DATOS MÁIS RELEVANTES DO ANO 2022 OU TEMPADA 2021/2022

BREVE CURRÍCULO DA/DO DEPORTISTA

En Ferrol a		de		de 2023
-------------	--	----	--	---------

O proponente	
Asdo:	